


PRAIA DOS AFOGADOS, A

VILLAR, DOMINGO


SINOPSIS

Finalista do International Dagger Prize 2011 Premio Frei Martín Sarmiento 2011 na categoría de adultos Libro do Ano nos Premios Irmandade do Libro 2009 Premio Losada Diéguez de Creación Literaria Premio Brigada 21 de novela negra. Despois do éxito de Ollos de auga, Domingo Villar preséntanos esta apaixonante novela de intriga que mergulla o lector no mundo da Galicia mariñeira, desde os areais das Rías Baixas á paisaxe urbana e as tabernas da cidade de Vigo. A novela parte dun descubrimento estarrecedor. Unha mañá, o cadáver dun mariñeiro é arrastrado pola marea ata unha praia da vila de Panxón, na ría de Vigo. Se non fose porque ten as mans atadas cunha brida de plástico, Xusto Castelo había ser outro mariñeiro que encontrou a súa tumba entre as ondas mentres pescaba. Sen testemuñas nin rastro da embarcación do finado, o lacónico inspector Leo Caldas mergúllase no ambiente mariñeiro para tratar de clarear o crime entre homes e mulleres que recean de desvelar as súas sospeitas e que, cando deciden falar, apuntan nunha dirección insólita de máis. Un caso difícil para Caldas, que pasa malos momentos: o único irmán do seu pai está enfermo de gravidade e a súa colaboración no programa radiofónico de Onda Vigo estase volvendo cada vez máis inaturoable. Tampouco non facilita as cousas o carácter arroutado de Rafael Estévez, o seu axudante aragonés, que non se dá adaptado á retranscrición e os sobreentendidos dos galegos. Domingo Villar volve introducir o lector nunha intriga sen acougo. Unha pescuda policial que, nesta segunda novela protagonizada polo inspector Leo Caldas, tamén é unha esculca na memoria e nas ilusións fanadas....




Editorial	EDITORIAL GALAXIA S.A.
Materia	NARRATIVA EN GALEGO
Colección	LITERARIA
EAN	9788491514329
Estado	Dispoñible
Encuadernación	Tapa blanda
Páginas	512
Tamaño	210x135x mm.
Peso	1
Precio (Imp. inc.)	23,65€
Fecha de lanzamiento	13/04/2009

Títulos relacionados



TERRA BRAVA (NL)
FOLE, ANXEL



ACOMODADOR E
OUTRAS
NARRACIONS
SUAREZ, MARCIAL



MEMORIAS DUNHA
TERRA
CASTROVIEJO, XOSE
MARIA



FABULA
ALCALA, XAVIER